



**Concello de Mugaros**  
(A Coruña)

#### **4/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 31 DE MARZO DE 2021.**

Sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día 31 de marzo do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 294/2021, de data 25.03.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Asiste tamén, a distancia, a interventora accidental municipal Dna. Mercedes Ocampo Santiago (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 19.02.2015, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 290/2021 de 24.03.2021), que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretaria accidental a funcionaria, Dna. Beatriz Santiago Yáñez, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 29.03.2021, e ao abeiro do establecido na Resolución da Alcaldía núm. 318/2021, de data 30.03.2021, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 24.02.2021 (3/2021).**

**19 s:** Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación o mesmo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 24.02.2021 (3/2021).



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

## **2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA A RENOVACIÓN DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN.**

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE para a renovación das listas de contratación, coa emenda de modificación do primeiro punto dos acordos que figuran no texto da moción, introducida durante o debate pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común no presente punto da orde do día, e que foi aceptada polo relator da moción, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Proceder á confección dunha lista para a provisión temporal de postos de traballo no Concello de Mugardos, na categoría de auxiliar de axuda no fogar, asegurándose a continuidade do modelo actual do servizo a través da xestión directa polo Concello de Mugardos.
- 2.- Convocatoria do resto de listas necesarias para o correcto funcionamento do concello axilizando a contratación necesaria para cubrir calquera baixa.
- 3.- Actualización e renovación das listas de substitución cada dous anos xa que co paso máis tempo fai que sexan ineficaces.

### **DELIBERACIÓN**

**40 s:** Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao relator da moción.

#### **- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**52 s:** Polo sr. Martínez Bardanca faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción.

**3 min 25 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

#### **- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS**

**4 min 34 s:** A sra. González Lorenzo expón que está de acordo co fondo da moción, que é a recuperación das listas de contratación propias do Concello, e de seguido fai un



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

resumo da tramitación da última prórroga das listas de substitución na categoría de auxiliar do servizo de axuda no fogar, a cal non puido asinar o voceiro do PSOE cando era o concelleiro delegado da área por non ter habilitada a sinatura dixital, así como do servizo que está a prestar a empresa á que se está acudindo para levar a cabo a prestación do citado servizo; servizo para o que se tiña comezado no ano 2019 un expediente de contratación, para o cal non existía crédito, e que foi votada en contra a modificación de crédito necesaria para levar a cabo o mesmo. De seguido, a sra. González Lorenzo quere recordar que no seu momento a delegación de persoal a ostentaba o voceiro do PSOE e o presidente da comisión de persoal era o sr. Fernández Fernández. Para rematar, e no que respecta á redacción que figura no primeiro punto dos acordos propostos no texto da moción, e tal e como consta no informe do secretario, a sra. González Lorenzo di que non se podería actualizar a lista e propón facer un cambio na redacción do citado punto, que quedaría redactado, nos termos que figuran no citado informe do secretario municipal, do seguinte xeito: “Proceder á confección dunha lista para a provisión temporal de postos de traballo no Concello de Mugardos, na categoría de auxiliar de axuda no fogar, asegurándose a continuidade do modelo actual do servizo a través da xestión directa polo Concello”.

**8 min 17 s:** O sr. Alcalde dá a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

**8 min 22 s:** O sr. Mahía Prados fai unha exposición ao respecto do funcionamento das listas de substitución e sobre o estado no que se atopan as distintas listas de substitución do Concello. De seguido, o sr. Mahía Prados pasa a dar lectura a diversos aspectos do informe emitido polo secretario da corporación ao respecto da prórroga da lista de substitución na categoría de auxiliar do servizo de axuda no fogar. A continuación o sr. Mahía Prados, e ao respecto das intervencións que se teñen producido no presente punto da orde do día, explica os motivos que deron lugar a que, cando estaban na oposición, votasen en contra dunha modificación de crédito na que ía o crédito necesario para contratar a prestación do servizo de axuda no fogar e así mesmo recalca que ser presidente dunha comisión informativa non significa ter competencias en ningunha materia. Para rematar o sr. Mahía Prados sinala que van a votar a favor da moción e solicita que pola concelleira, sra. González Lorenzo, se clarifique, no segundo turno, a emenda proposta na súa primeira intervención.

**16 min 39 s:** Polo sr. Alcalde preguntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.

## - 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

**17 min 33 s:** O sr. Martínez Bardanca manifesta que aceptarán a emenda proposta pola concelleira, sra. González Lorenzo, e sinala que non queren entrar a valorar nin a vontade política de cada grupo municipal ao respecto da actualización das listas nin aspectos técnicos,



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

e que coa moción presentada simplemente queren que se regularice a situación da lista e que polo Concello se contrate directamente aos aspirantes que figuren na mesma.

**20 min 20 s:** O sr. Alcalde dá a palabra ao sr. Fernández Fernández.

**20 min 23 s:** O sr. Fernández Fernández quere aclarar que figurar como presidente dunha comisión non quere dicir que se teña capacidade de actuación, posto que se non se teñen delegado as oportunas competencias non se pode actuar, e sinala que no presente caso o importante é falar do problema, enfocalo, resolvelo e non falar do pasado.

**21 min 57 s:** O sr. Alcalde dá a palabra á sra. González Lorenzo.

**22 min 07 s:** A sra. González Lorenzo, aclara que se non se teñen competencias non pode haber avocacións, e que no presente caso se tiveron que avocar competencias pola Alcaldesa. E para rematar, a sra. González Lorenzo aclara cal sería a emenda proposta polo seu grupo municipal.

**24 min 38 s:** O sr. Alcalde dá a palabra ao sr. Mahía Prados.

**24 min 49 s:** O sr. Mahía Prados indica que eles van a votar a favor da moción ben coa emenda ou ben sen ela, e de seguido relata actuacións que se están levando a cabo dende o grupo de goberno, no que respecta ás listas de traballo temporal, sinalando que van a facer todo o posible para actualizar, á maior brevedade posible, as listas que hai pendentes.

**28 min 05 s:** O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto e dá a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSOE aos efectos de que por este se peche a moción.

**28 min 13 s:** Polo sr. Martínez Bardanca lévase a cabo o peche da moción indicando que non teñen ningún problema en aceptar a emenda proposta durante o debate.

**29 min 03 s:** Polo sr. Alcalde, unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación.

### **3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS NÚMS. 177/2021 E 191/2021.**

**29 min 21 s:** Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións números 177/2021 e 191/2021.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 177/2021, de 24.02.2021**, sobre modificación dos días e/ou horas de celebración das sesións ordinarias de comisións informativas permanentes.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

▪ **Resolución da alcaldía núm. 191/2021, de 26.02.2021**, sobre nova prórroga das medidas extraordinarias aprobadas pola Resolución núm. 91/2021 así como das autorizacións concedidas para a prestacións de servizos mediante teletraballo.

**4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 152/2021 Á 291/2021, AMBAS INCLUSIVE.**

**29 min 32 s:** Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 152/2021 á 291/2021, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 152/2021 á 291/2021, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

**29 min 47 s:** Polo sr. Alcalde dase a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

**29 min 50 s:** O sr. Mahía Prados quere resaltar que dentro das resolucións das que se ten dado conta polo sr. Alcalde atópase englobada a relativa á liquidación do orzamento do ano 2020; liquidación da que xa se ten dado conta na comisión de facenda.

**30 min 34 s:** Polo sr. Alcalde dase a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSOE.

**30 min 36 s:** O sr. Martínez Bardanca di que el non atopou a documentación dentro da liquidación que presentou e que estaba unicamente a resolución, e que o que di a normativa é que se presentará a liquidación dos orzamentos, con toda a documentación que inclúe esta, e que o máis lóxico tería sido que se incluíse un punto na orde do día con toda a documentación da mesma. E sinala que o dí aos efectos de que se valore a posibilidade de incluír a liquidación noutra sesión plenaria.

**31 min 55 s:** Polo sr. Alcalde dase a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

**31 min 57 s:** O sr. Mahía Prados manifesta que pola súa banda non hai ningún inconvinte en levar o expediente ao vindeiro pleno ou incluso á vindeira comisión de facenda e despois á vindeira sesión plenaria.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**32 min 27 s:** O sr. Martínez Bardanca di que en aras da transparencia o razoable e lóxico sería que viñese nun punto específico.

**32 min 53 s:** O sr. Mahía Prados di que toma en consideración a petición formulada polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE e que polo tanto traerán o expediente completo á vindeira sesión plenaria.

### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**33 min 13 s:** Polo sr. Alcalde dase comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo cos rogos formulados polos señores/as concelleiros/as.

**33 min 58 s:** Pola sra. Toimil Fernández formúlanse dous rogos, o primeiro deles relativo á necesidade de que o Concello distribúa, a través da dirección dos centros educativos, mascarillas para todo o alumnado dos mesmos, e o segundo relativo á posta en marcha dun programa encamiñado a evitar a pobreza menstrual.

**34 min 59 s:** Polo sr. Alcalde solicítaselle á sra. Toimil Fernández a aclaración do segundo rogo formulado.

**35 min 17 s:** Pola sra. Toimil Fernández aclárase o significado da pobreza menstrual.

**36 min 10 s:** O sr. Alcalde, no que respecta ao primeiro rogo formulado pola sra. Toimil Fernández, aclara que este tema xa foi debatido en Pleno e que non teñen constancia de que haxa alumnos que non teñan mascarillas, e que se ten comunicado aos centros escolares que en caso de que acontecese este problema o Concello estaría disposto a darlles cantas mascarillas necesitasen. De seguido, o sr. Alcalde dalle a palabra ao sr. Fernández Fernández.

**38 min 30 s:** Polo sr. Fernández Fernández formúlase un rogo relativo á instalación das marquesiñas necesarias para o curso escolar.

**39 min 10 s:** O sr. Alcalde informa sobre as actuacións levadas a cabo polo grupo de goberno a este respecto así como da situación na que se atopa a licitación que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para a adquisición de marquesiñas; e remata dicindo que levarán a cabo as actuacións necesarias para reforzar, vía orzamento, a adquisición de marquesiñas, dándolle a palabra a continuación á sra. Díaz Otero.

**40 min 32 s:** Pola sra. Díaz Otero formúlase un rogo relativo a que se comunique ás entidades e asociacións do Concello a decisión adoptada en relación á implantación da administración electrónica, dándolles un prazo para que poidan levar a cabo os trámites necesarios para poder utilizar a Sede Electrónica, permitíndolles durante este prazo presentar as solicitudes en papel.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**41 min 45 s:** O sr. Alcalde di que no tema da administración electrónica o que se intenta é cumprir a Lei de forma progresiva, e que a aquelas entidades ou asociacións que non poidan obter aínda os certificados dixitais precisos váiselles facilitar a documentación en papel durante un periodo de tempo.

**44 min 19 s:** A sra. Díaz Otero dí que a eles o que lles importaba era que se puidese dar ese periodo de carencia ás entidades sen fin de lucro e asociacións.

**45 min 18 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.


**45 min 26 s:** Polo sr. Martínez Bardanca formúlase un rogo relativo a que cando se fagan cambios de uso da vía pública, cambios de dirección en rúas, etc, que se comunique á poboación mediante un bando e ademais que se comunique aos veciños si é posible.

**47 min 00 s:** O sr. Alcalde di que normalmente estas actuacións se comunican aos veciños aínda que por despiste algunha vez non se lles ten comunicado esta situación, e remata pedindo disculpas á veciñanza que se puidese ver afectada por algunha actuación que non se tivese posto no seu coñecemento, sinalando que non lle consta que se tivese feito nas últimas semanas un cambio de dirección nalgunha rúa. De seguido, o sr. Alcalde dalle a palabra ao sr. Martínez González.

**48 min 36 s:** O sr. Martínez González formula un rogo relativo a que se leven a cabo as accións necesarias para conservar a pinabeta que se atopa no paseo marítimo en dirección á Bestarruza e que se estude o inicio dos trámites para incluíla no Catálogo de árbores senlleiras de Galicia.

**49 min 13 s:** O sr. Alcalde di que á árbore é de propiedade privada e que polo tanto o propietario ten obriga de conservar a árbore, e sinala que como a árbore ten unha parte das raíces fóra da terra tense pensado que por un experto se leve a cabo un estudo sobre a evolución da árbore así como para valorar as posibles medidas que puidese ser necesario adoptar para garantir a seguridade na zona onde se atopa. De seguido, polo sr. Alcalde dase a palabra a aqueles concelleiros/as que teñen presentado preguntas para formular na presente sesión plenaria, comezando polas preguntas formuladas polo sr. Martínez González.

**51 min 50 s:** Polo sr. Martínez González formúlanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira das preguntas de resposta oral, dirixida ao concelleiro, sr. Kuntz Peiteado, é en relación a como puido afirmar o día 17 de febreiro nas canles de comunicación oficiais do Concello que a cor do río Baa, logo do incendio dunha nave en Vilar do Colo, non se debía a tintas ou calquera outro material altamente tóxico. A segunda das preguntas de resposta oral é en relación a si ten pensado o goberno municipal levar a cabo a exención do pagamento da parte correspondente do recibo do lixo durante o periodo no que os establecementos de Mugardos estiveron pechados forzosamente, e contribuír así a paliar os efectos económicos desta crise. De seguido, formula as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas relativa ao por que non contemplou o goberno municipal a posibilidade legal



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

de eximir aos establecementos, na primeira convocatoria de subvencións, do requisito de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias para a concesión de subvencións nesta situación excepcional, e a segunda delas relativa a se ten pensado o goberno permitir a tala das árbores na Estrada Peteiro-Castelo da Palma que se atopan a menos de 2 metros do vial para cumprir coa normativa citada no informe emitido pola Policía Local en data 24 de febreiro de 2021.

**54 min 05 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Kuntz Peiteado.

**54 min 09 s:** O sr. Kuntz Peiteado resposta que se remite á resposta facilitada ao respecto na sesión plenaria do mes pasado, aclarando que o mesmo día o Alcalde chamou á Presidenta de Augas de Galicia e que a comunicación por escrito e oficial faise despois.

**54 min 43 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez González.

**54 min 54 s:** O sr. Martínez González di que a pregunta é moi clara, e é en base a que o día 17 de febreiro, nas canles oficiais do Concello, puido afirmar que iso non se debe nin a tintas nin a calquera outro material altamente tóxico.

**55 min 13 s:** O sr. Alcalde di que cre que o concelleiro xa lle respostou á pregunta, e deseguido dalle a palabra ao sr. Mahía Prados.

**55 min 44 s:** O sr. Mahía Prados resposta que se ben é certo que non chegaron pronto co tema do desconto do lixo e das taxas tamén é certo que hai as axudas para autónomos máis altas da comarca, e sinala que xa se levou a unha comisión de facenda, a raíz dunha moción que presentou o BNG, iniciar a tramitación para a modificación da ordenanza do lixo, e para a que hai unha proposta do concelleiro de facenda de facer unha exención do 100% do lixo para o ano 2021 e do 75% para o ano 2022, e que se intentará levar esta proposta á vindeira comisión para votala. E remata dicindo que polo tanto si ten pensado levar a cabo esta exención.

**57 min 40 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. González Lorenzo.

**57 min 52 s:** Pola sra. González Lorenzo fórmulanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira pregunta de resposta oral é sobre cales son as obxeccións, se é que as hai, reflexadas no informe sobre a valoración dos criterios non avaliábeis de forma automática emitido pola técnica municipal no expediente de contratación do servizo do comedor escolar, para ter que solicitar asistencia técnica á Deputación Provincial de A Coruña, e a segunda pregunta de resposta oral é relativa a si o goberno municipal vai a modificar as ordenanzas municipais contemplando, con efectos dende o 1 de setembro de 2020, a gratuidade da atención educativa a partir da matriculación nas escolas infantís municipais do segundo fillo ou filla da unidade familiar ao amparo da normativa vixente. De seguido, formula as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas relativa a si a concelleira da área considera que a empresa que está prestando servizo, sen contrato, no





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

comedor escolar, está a cumprir as normas de limpeza e desinfección nos comedores escolares, e a segunda relativa a si a concelleira da área considera que a empresa que está prestando servizo, sen contrato, no comedor escolar, está a cumprir coas normas de vixilancia e control das nenas e nenos cando saen á carpa despois de comer, ás 14.30 horas.

**1 h 01 min 06 s:** O sr. Alcalde explica os motivos que deron lugar a solicitar a asistencia técnica da Deputación, á vista de que ao non terse presentado máis que unha oferta esta non podía compararse con outras ofertas e tería que terse motivado convintemente o porque de cada puntuación outorgada.

**1 h 03 min 08 s:** A sra. González Lorenzo di que na acta só se fala do informe emitido pola técnica municipal, e non se di nada das obxeccións do secretario e da interventora.

**1 h 03 min 36 s:** O sr. Alcalde aclara que os técnicos que están para asesorar á Mesa de Contratación determinaron iso para así darlle unha maior seguridade xurídica ao asunto a través do informe que emita a Deputación, e de seguido dalle a palabra ao sr. Mahía Prados.

**1 h 04 min 43 s:** O sr. Mahía Prados di que tras pagar as contas de explotación que se debían da Escola Infantil, pola técnica da área fíxose unha proposta de modificación íntegra da ordenanza da Escola de As Lagoas. E sinala que esa proposta será levada á comisión pertinente; proposta na que se inclúe o tema do segundo fillo.


**1 h 05 min 54 s:** A sra. González Lorenzo di que a súa pregunta é clara e que é si se vai a modificar a ordenanza municipal contemplando os efectos da medida dende o 1 de setembro de 2020, tal e como se fixo noutros concellos.

**1 h 06 min 35 s:** O sr. Mahía Prados aclara que si que o farán si os técnicos o permiten.

**1 h 06 min 45 s:** A sra. González Lorenzo di que non se lle aclarou si a resposta é que si a toda a pregunta.

**1 h 06 min 59 s:** O sr. Alcalde aclara que se fará si os informes técnicos o permiten, e de seguido dalle a palabra á sra. Díaz Otero.

**1 h 07 min 45 s:** Pola sra. Díaz Otero fórmulanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira pregunta de resposta oral é relativa a si o goberno municipal está interesado en concretar o protocolo asinado co Arcebispado de Santiago de Compostela no ano 2019 para a adquisición da parcela onde está situada a casa natal de Bello Piñeiro no Seixo, e a segunda pregunta de resposta oral é relativa aos motivos polos cales, tras mais de seis meses, o Alcalde non cumpriu a súa palabra, dada no Pleno do 30 de setembro de 2020, de incorporar ao debate en comisión a posibilidade de adicar o edificio da Antiga Escola Infantil de O Seixo a escola infantil de 0-3 anos. De seguido, formula as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas, e dado que na Comisión Informativa de



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Urbanismo, Rehabilitación e Mobilidade do 17 de outubro de 2019 se debateu a proposta de acordo relativa á Rehabilitación do Antigo Cine Zárate como Biblioteca Municipal (proposta de redacción de proxecto), é si o sr. Alcalde entende que responde á verdade cando afirma na súa contestación á Asociación Cultural Apelón Educación que “foi o único goberno que deu pasos en firme”, tendo en conta tamén o voto contrario do Partido Popular na comisión de outubro de 2019 para a rehabilitación do antigo cine Zárate como Biblioteca Municipal cun orzamento de execución por contrata de 886.189,33 € dos cales 500.000€ os aportaría Reganosa. E para rematar, a sra. Díaz Otero formula a súa segunda pregunta de resposta escrita, relativa a si se podería indicar en que órgano do Concello se adxudicou a redacción do proxecto para a construción dun novo edificio municipal que dea resposta ás necesidades da práctica de deportes náuticos en Mugardos.

**1 h 11 min 23 s:** O sr. Alcade intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.

**1 h 11 min 27 s:** O sr. Mahía Prados di que él non pode responder sobre algo que non é da súa competencia.

**1 h 12 min 13 s:** A sra. Díaz Otero di que polo concelleiro de facenda se están elaborando os vindeiros orzamentos, e dado que na moción que se debatera fai un ano, relativa á iniciación do proceso de compra, se aludira á situación económica do Concello e á elaboración dos novos orzamentos, a pregunta sería clara, e sería si o goberno municipal está interesado en concretala.

**1 h 13 min 20 s:** O sr. Alcade intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.

**1 h 13 min 30 s:** O sr. Mahía Prados di, en primeiro lugar, que a moción da que fala a sra. Díaz Otero non saíu aprobada, e pregunta si a sra. Díaz Otero consensuara con algún grupo o proxecto. E remata dicindo que está a confeccionar os orzamentos, e que había que facer emendas e propostas aos mesmos, e que o único grupo que non presentou propostas para os orzamentos foi o grupo da sra. Díaz Otero.

**1 h 16 min 08 s:** O sr. Alcalde, tras expoñer a situación na que se atopa a Antiga Escola Infantil de O Seixo, di que se está a tramitar un expediente de desafectación de uso, o cal será levado á comisión correspondente para que tódolos grupos poidan opinar e decidir que se vai a facer. De seguido, polo sr. Alcalde, e aínda que se lle dará resposta por escrito ás preguntas de resposta escrita formuladas pola sra. Díaz Otero, adianta cal será a resposta á primeira pregunta formulada pola sra. Díaz Otero, e di que a comisión do 17 de outubro ditaminou en contra da súa proposta, non só co voto en contra do PP, como desliza a sra. Díaz Otero na súa pregunta, senón que polo resto de forzas políticas tamén se votou en contra da proposta, e pregunta si o non consensuar nin un só voto é dar pasos en firme para Mugardos. A continuación di que eles están para consensuar os grandes proxectos de Mugardos e que polo tanto hai que contar cos partidos políticos, e que o grupo de goberno estará con aqueles que queiran facer propostas que melloren a vida dos mugardeses e que están centrados en chegar a consensos amplos. Para rematar, o sr. Alcalde di que Mugardos merece unha



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

biblioteca e que terá unha biblioteca. De seguido, o sr. Alcalde dalle a palabra á sra. Toimil Fernández.

**1 h 22 min 15 s:** Pola sra. Toimil Fernández formúlanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira pregunta de resposta oral é sobre si hai informes técnicos profesionais anteriores ao día de noiteboa ao respecto da árbore do Mercado e por que non se trasladaron os informes á comisión de obras, e a segunda pregunta é sobre si as farolas do Cruceiro do Cristo cumpren coa normativa vixente en materia de seguridade para o alumeadado público. E de seguido formula as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas relativa a si xa pagou o Concello a cantidade comprometida a tódalas entidades sen ánimo de lucro que asinaron o convenio correspondente ao ano 2019 e a segunda relativa ás datas en que foron concedidas e abonadas as subvencións de libre concorrencia para as entidades e sociedades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2019.

**1 h 23 min 45 s:** O sr. Alcade intervén para darlle a palabra ao sr. Kuntz Peiteado.


**1 h 23 min 52 s:** O sr. Kuntz Peiteado, en relación coa primeira pregunta formulada, pregúntase como pode haber informes con anterioridade a un acto sobrevido e con respecto á segunda pregunta formulada, di que tras unha investigación, á vista dos problemas coas luces do Cristo, conclúese que hai dous puntos de avarías, un deles quedou solucionado e o outro non se atopa, e indica que o salto de luces na zona, tras investigacións, parece ser que foron debidos a que unha tubería do gas pelou un cable, motivo polo cal se fixo unha actuación para solucionar o tema; actuación que non se podería levar a cabo se non se cumprise unha certa seguridade.

**1 h 25 min 42 s:** A sra. Toimil Fernández di que a farola ten un plástico do lixo tapándoa, polo que considera que non é segura.

**1 h 26 min 22 s:** O sr. Kuntz Peiteado di que o plástico é para cubrir, xa que co novo cable a tapa da farola non entra, aínda que recoñece que non é a solución máis fermosa, e di que para darlle unha solución ao tema hai primeiro que saber por onde van as conducións de gas e de auga.

**1 h 27 min 10 s:** A sra. Toimil Fernández di que ao mellor hai outro sistema para tapar a farola para que sexa máis segura.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte e unha horas e dous minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretaria Xeral Accidental do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=11>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):  
9766d641c127c61c9ea8c10b363729f46341f8f984887506bb6ce2f7a1864e04

Vº e prace  
O ALCALDE